

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIÓS PARA O PROXECTO DE ARRANXO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTA MARÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Riós o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Riós para o arranxo da contorna da Igrexa de Santa María.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.



Terceiro.- Que a arquitectura relixiosa ten a construción máis representativa na igrexa de Santa María de Riós, rematada no 1718, con torre barroca e interesantes tallas no interior, como as de santa Ana, san Xaquín, santa Lucía e o Santo Cristo.

O edificio foi construído a expensas da Casa de Alba. A primeira fase construtiva rematou no primeiro terzo do século XVIII, como consta na inscrición que aparece no exterior do presbiterio, e a segunda, a cargo dos veciños e veciñas, rematou a finais do século XIX.

Desta segunda fase é a singular torre da igrexa, dende a que se poden divisar todos os fitos arqueolóxicos da contorna, entre os que se atoparían a Serra da Urdiñeira, o castro de Valdamio, a mámoa da Chaira das Pozas, Valmedo, a Forxa, e as pegadas do Salto do Cabalo.

Consérvase, da antiga igrexa parroquial, un rico enxoval litúrxico do século XVII formado por naveta, patena e cruz procesional, todo de prata.

No interior da igrexa, gárdase tamén, unha interesante estela romana do século II d.c., cun alto contido filosófico. De tipoloxía non moi abundante en Galicia, remata en frontón triangular, con notable programa decorativo. A ornamentación cobre os rexistros superior e inferior, intercalándose co texto da inscrición funeraria.

A actuación obxecto do presente convenio consiste na reforma e acondicionamento da pavimentación da vía de acceso á mesma, de xeito que se poña en valor turístico a igrexa como parte do patrimonio cultural do concello e da nosa Comunidade Autónoma.

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Riós unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos



puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

